



NORMAS COVID CURSO 2021 - 2022

ESO - BACHARELATO

Antes de saír de casa existe a obriga de realizar unha enquisa de autoavaliación clínica para detectar síntomas compatibles coa infección por coronavirus:

Febre maior de 37,5 °C	Dor muscular
Tose seca	Falta de olfacto
Dificultade para respirar	Falta de gusto
Fatiga severa	Diarrea

No caso de presentar cando menos un destes síntomas, o alumnado non acudirá ao centro e as familias poñeranse en contacto co seu centro de saúde e comunicarán a ausencia ao centro. O profesorado non acudirá ao centro e dará aviso ao equipo covid.

As ausencias derivadas desta causa terán a consideración de xustificadas, e non será necesario ningún xustificante médico.

Se algunha persoa do núcleo familiar convive cun diagnóstico positivo, non se poderá acudir ao centro. No caso de que haxa un convivente con síntomas compatibles á espera do resultado, poden acudir ao centro.

Se a detección de síntomas ten lugar no centro, debe avisarse a un dos membros do equipo covid.

Organización de entradas, saídas e desprazamentos

	<i>Entradas</i>	<i>Saídas</i>
Bacharelato	8:10 h porta principal	porta principal
4º ESO	8:15 h patio Xoán XXIII	porta principal
3º ESO 2º ESO	8:10 h polideportivo	porta verde (Trompas) setembro e xuño → 13:45 h (excepto martes e xoves)
1º ESO	8:15 h cuberto do patio (Trompas)	porta verde (Trompas) setembro e xuño → 13:45 h (excepto martes e xoves)



Desprazamentos

- Os desprazamentos faranse en ringleira de un, gardando a distancia de seguridade (1,5 m) e respectando os sinais de dirección. Evitarase o contacto coas superficies comúns (pasamáns, paredes,...).
- Todos os desprazamentos deben ser supervisados polo profesorado.
- Cando a materia esixa un cambio de aula, este farase seguindo as instrucións anteriormente indicadas e acompañados polo profesor ou profesora da materia.

Organización da aula

- Cada alumno ou alumna terá un sitio fixo tanto na súa aula de referencia como na aula de desdobre:
A distribución do alumnado (aula de referencia e materias optativas) quedará recollida nos correspondentes croquis, e se modificará nas seguintes datas:

8 de outubro	11 de febreiro	6 de maio
12 de novembro	18 de marzo	
21 de decembro	8 de abril	

Os cambios de sitio realizaranse a primeira hora do día seguinte ao sinalado.

Non se moverán os pupitres.

- Durante os cambios de clase non se poderá moverse do seu sitio, aínda que si se poderá erguer da cadeira e estirar as pernas. En todo momento debe manterse a distancia de 1,2 m.
- A orde na aula é fundamental, polo que só se levará á aula o material necesario para o correcto desenvolvemento das materias.
- O alumnado non compartirá material de uso propio.
- Cando se use material susceptible de ser compartido, debe realizarse a desinfección de mans antes e despois de utilizalo.
- Durante as horas de clase, o material deberá estar recollido e gardado na mochila e/ou no pupitre, a prenda de abrigo correctamente colocada no respaldo da cadeira e a mochila pechada e situada ao lado dereito do pupitre, agás na ringleira que estea pegada á parede.
- As ventás, contras e outros mecanismos (chaves da luz, o ordenador, os encerados, ...) só poden ser tocados polo profesorado.
- A desinfección do pupitre e cadeira do alumnado farase unicamente cando haxa cambios por materias optativas: antes de marchar a unha aula de desdobre e antes de marchar da aula de desdobre e volver á aula de referencia.



- Nas cortizas das aulas poderá colocarse o lema de curso e calendarios para facilitar ao alumnado e profesorado o control de datas de probas, actividades, exames...

Ventilación da aula

- Debe realizarse como mínimo de 2 a 5 minutos cada 15 a 20 minutos de clase, 5 minutos entre clase e clase e durante todo o recreo. Como norma xeral, **estarán abertas o maior tempo posible**.
- A porta da aula deberá permanecer sempre aberta.
- As ventás dos corredores permanecerán abertas para facilitar a ventilación.

Uso das gabetas

- Cada alumno/a terá unha única gabeta individual e intransferible, polo que non se pode compartir.
- As gabetas deben gardar a orde e a limpeza. O material gardado nelas debe estar recollido e o material para escribir gardado nun estoxo.
- O uso da gabeta farase de xeito ordenado, á chegada ao centro e antes de saír, tanto o alumnado de ESO como o de Bacharelato.

Medidas de hixiene

- O uso da máscara é obrigatorio en todo momento e en todo o recinto escolar.
- A desinfección de mans realizarase: a primeira hora da mañá ao chegar a aula ou unha vez que o alumnado volva de coller o seu material na gabeta, antes de tomar a merenda, antes e despois do recreo, despois de ir ao aseo.
- O alumnado deberá traer un kit de hixiene composto por unha máscara de reposto e panos de papel, que son de uso individual.
- O uso dos aseos farase coa autorización do profesorado que estea na aula. Durante o recreo o uso dos aseos farase igualmente con autorización do profesorado acompañante.
- Unha vez que se utilice un pano de papel, tirarase ao lixo.

Recreos

ESO

- Antes da baixada ao recreo, os alumnos e alumnas tomarán a súa merenda no seu pupitre previa desinfección de mans (5-10 minutos antes das 10:50).
- Ao baixar ao recreo, desinfectaranse as mans de todo o alumnado.



-
- Na baixada ao recreo cada clase irá acompañada polo profesor/a que está con eles.
 - Cada grupo clase ocupará a zona asignada para o recreo.
 - As escaleiras de baixadas e subida son:
 - 1º, 2º e 3º ESO → escaleiras do patio.
 - 4º ESO → escaleiras de secretaría, corredor principal ata as escaleiras de madeira, corredor de orientación e escaleiras do patio.
 - A orde de subida do recreo (sexa interior ou exterior):
 - 4º de ESO (comeza a subir de forma ordenada e acompañados polo profesorado ás 11:15)
 - 3º de ESO (ao rematar 4º)
 - 2º de ESO (ao rematar 3º)
 - 1º de ESO (ao rematar 2º)
 - Na subida do recreo o alumnado irá acompañado polo profesorado da 4ª hora.

BACHARELATO

- O alumnado de bacharelato que teña permiso sairá do centro durante o recreo.
- O profesor/a da terceira hora de clase acompañará ao seu grupo ata a porta principal ás 10:50 h.
- O profesor/a da cuarta hora de clase recollerá ao seu grupo ás 11:15 h.
 - Os alumnos de 2º Bach entrarán pola porta principal.
 - Os alumnos de 1º Bach entrarán polo patio de Xoán XXIII (a porta de Trompas debe abrirse uns minutos antes para que poidan entrar).